







# MANUEL MARÍA

caderno didáctico



Letras galegas, 2016





## CADERNO DIDÁCTICO DE MANUEL MARÍA

### **Edita:**

IES María Casares: Equipo de dinamización da lingua galega.  
Departamento de lingua galega e literatura.  
Concello de Oleiros: Servicio de normalización Lingüística

### **Comité de redacción:**

Fernando Díaz-Castoverde Gómez  
Marisa Díaz Couce e Raquel Guimarei Taibo  
Patricia Fuciños Calle  
Pepe Taboada e Matías Cuba

**Coordinación:** Pepe Taboada

**Maquetación e ilustración:** Miguel Cuba Taboada

É a nosa vontade transcribir os textos exactamente como aparecen nas fontes utilizadas e debidamente mencionadas no apartado Bibliografía consultada. Do mesmo xeito, respectamos o estilo e o enfoque que cadaquén lle deu á parte da súa autoría.

A presente publicación é unha obra didáctica, de tirada reducida e con fins divulgativos. O propósito das imaxes que aparecen reproducidas non é outro que o de apoiar o texto dos autores. As imaxes reproducidas empréganse a título de cita baixo o amparo do dereito de cita establecido no art. 32 da Ley de Propiedade Intelectual.





# ÍNDICE

## Manuel María: a palabra acendida

Fernando Díaz-Castoverde Gómez..... 7

## Biografía contextualizada

Marisa Díaz Couce e Raquel Guimarei Taibo..... 12

## Xeración

Patricia Fuciños Calle..... 29

## Obradoiros

Pepe Taboada e Matías Cuba..... 35

Bibliografía..... 73







## Manuel María: a palabra acendida.

Pasa o tempo, meus amigos. O que isto escribe decátase con certo abraio que xa coñeceu e tratou algúns dos homenaxeados nas Letras (aló van os benqueridos Avilés ou Lois Pereiro entre outros). Tamén se decata de que o tempo é un artefacto que posúe unha mecánica rigorosa e inalterable polo que calquera barricada resulta inútil... Van xa, pois, unha chea de anos desde que marchou Manuel, o poeta labrego, que aló andará nos campos do alén sementando estrelas, escribindo poemas para construír unha patria.

Eu que tratei, aínda que episodicamente, ao autor na vila de Monforte non sei por que diaños sempre establecín (perdoen os finos fisonomistas e os agudos retratistas) un certo parecido entre o Manuel e aquel actor exipcio que xa poucos lembrarán, Omar Shariff, o célebre protagonista de *Doctor Zhivago*. Sei que o parecido entre eles non é excesivo pero para min, que son un testán e un túzaro irremediable, téñeno. Así é que imaxino no meu delirio a Manuel e Omar compartindo bicicleta polas chairas de Outeiro de Rei ou as de Alexandría. Saiban que a Terra Chá, sexa polas bondades xeográficas ou pola inmensidade do horizonte, é dos lugares de Galiza onde máis persoas (vellos e novos) vin eu andar en bici.

E o Manuel tamén me acorda a algún anónimo amigo do Kurdistán, quizais polo seu eterno





bigote, pola súa pel morena, que sei eu! Non sería mal sitio para el, outra patria que construír. No kurdo kurmançî (grazas pola información Sechu Sendé) existen dez nomes diferentes para identificar os diversos tipos de bigotes que usan os seus habitantes e quizais o sinbeltapan (agardo que sexa doado de atopar na kurdipedia ou nalgún deses trebellos que nos invaden) é o que mellor representa ao noso autor. É curioso o capricho do léxico que se vai adaptando aos rigores de cada contorna (os habitantes da Siberia diferencian moitas gamas dentro da cor branca pola omnipresente neve e nós, galegos, coñecemos moitas formas de chober, ou non?). Con certeza, tamén hai un léxico específico para as chairas que tan ben incorpora Manuel María nos seus libros.

O paso do tempo, meus amigos, ten outra influencia: a tendencia á dispersión como ben se observa neste artigo... Poñamos, pois, algo de orde. Que se presente o propio Manuel María:

### Carné de identidade

Eu son Manuel María.  
Nacín no 29, o 6 de Outono  
en Outeiro de Rei, na Terra Chá.  
Son dunha caste rexa de labregos  
fieles á súa terra e ao seu deus.  
Agora son un namorado.  
Eu son Manuel María,  
cantor da Terra Chá que algúns din.  
Cantor da Terra Chá que leva un  
cravada nas entranas penso eu.  
Eu son Manuel María,



labrego con algo de poeta.  
Por iso gardo as albas  
no fondo dos meus ollos  
e ando de vagar o meu camiño  
e pídolles ás cousas a súa tenrura  
e aos homes pídolles a verdade.  
Non teño máis tarefa:  
son unha humilde folla que salaia  
na noite escura movida polo vento.  
Eu son Manuel María,  
un son tan só, lonxano e feble.

*Documentos persoaes* (1959)

Alguén nacido na Terra Chá, ten os ollos e o mirar diferentes a aquel outros que somos nados na montaña. Algún vello da miña aldea (no concello de Taboada, na provincia de Lugo) cando perdeu as súas propiedades mergulladas logo do encoro de Belesar, foi trasladado á Terra Chá e tivo que abandonar a súa patria submariña e, segundo me contaron, nunca soubo distinguir no horizonte as novas propiedades que lle outorgaron, afeito a establecer os lindes polo debuxo das montañas. Manuel María tiña ollos de planicie e sabía escoitar o voo das aguias, o canto dos merlos e do carro ("Non canta ninguén na Chá/ por iso meu carro canta"), o ruído milenario dos ríos e regatos que por aló transitan... Manuel María tiña tamén ollos de auga e non había fonte nin regueiro que se lle escapase.





Sendo así non é estraño que todo ese universo apareza de cheo na súa obra literaria, que eu recomendo ler poñendo ollos de planicie e auga (eu aprendín a poñelos pero non sei moi ben explicar como).

O que isto escribe, dixeran, coñeceu episodicamente a Manuel en Monforte onde exercía a súa profesión de procurador (tan diferente actividade á de poeta, cousas da vida!). Imaxino o repouso do guerreiro logo de loitar contra procesos de representación legal, por marcos que se moveran ou terras que minguaran, ao chegar á casa e tirar do verso como quen extrae ouro dunha mina cega. Alí, en Monforte, rexentaba a librería Xistral, un auténtico centro de reunión, de café e faladoiro no corazón da cidade. Abofé que poucas persoas tan conversadoras coñecín, acompañado sempre

da súa dona, a inseparable Saleta. Un falar pausado, sen présa, usaba o poeta, as palabras parecían plastilina! Pasou a tarde devagariño e cando saín do seu bazar de letras non lembraba nin sequera cal fora o motivo da miña visita, así de hipnotizadora era a súa conversa.

Andando o tempo e xa residindo o autor na Coruña logo da súa xubilación, volvíncoidir con el en diferentes actos e tiveron exactamente a mesma impresión. Será tamén o falar da Terra Chá, pensei. Hai uns meses cando me enterei da homenaxe nas Letras, probablemente unha das máis populares e celebradas, lembrei o poeta labrego, os seus ollos de planicie e auga, o caxato e as palabras de plastilina e lembrei como, falando nas tardes demoradas, era quen de deter o tempo, de erguer barricadas para ese artefacto





de mecánica rigorosa e case inalterable.

Obrigado, pois, poeta labrego, brindo por unha tarde sen minutos!





## Datos biográficos contextualizados

### Do seu nacemento ao ano 1950

**1929** Viu Manuel María a luz do mundo por primeira vez en Outeiro de Rei o mesmo mes e ano no que a economía mundial sufriu a máis grande e prolongada crise da que temos noticia, o "crac do 29", que durante a seguinte década sementou paro, pobreza e desesperación na economía de todos os países do mundo. Esta coincidencia será como un vaticinio dos tempos avoltos nos que se desenvolverá a súa vida.



Arriba: Manuel María cos seus pais e irmáns.





Fillo de Antonio Fernández Núñez e Pastora Teixeira Casanova, unha familia de labregos máis que acomodada -seu pai chegou a ser alcalde de Outeiro de Rei-, vive sen estreiteces os seus anos da nenez e de mocíoño.

En **1931** proclámase a 2ª República en España. A extensión da crise económica mundial fai que cheguen ao goberno de distintos países europeos mandatarios ditatoriais que aos poucos irán preparando o ambiente dunha guerra que ninguén será quen de parar. A Mussolini, que xa dende 1925 era ditador en Italia, súmase en 1932 Adolf Hitler, Chanceler de Alemaña con plenos poderes e Antónío de Oliveira Salazar en Portugal.

No outro lado do Atlántico chega ao poder outro dos protagonistas da gran guerra que se avexiña: en **1933** comeza a era Roosevelt na presidencia dos Estados Unidos. Iniciará o seu mandato coa derogación da Lei Seca, que prohibía en todo o territorio o consumo de bebidas alcólicas, e que trouxo como principal consecuencia o ascenso da mafia e dos gánsters, enriquecidos coa venda ilegal de bebidas. A subida de Roosevelt coincide co inicio dun dos períodos máis escuros e vergoñentos da historia europea, pois Hitler comeza en Alemaña a persecución contra dos xudeus, e abre Dachau, o primeiro campo de concentración. No ano **1936**, cando Manuel María ten sete anos, estoura a Guerra Civil Española, e é en plena Guerra Civil cando el comezará a escola en Outeiro de Rei. Será no seguinte ano cando Pablo Picasso amosará ao mundo un dos



seus cadros máis importantes, *O Guernica*, que denuncia o bombardeo polos nazis desa cidade de Euskadi.

Como se dunha cadea se tratara, a guerra en España anuncia outra máis grande: en 1938 a Alemaña nazi anexiona Austria e en **1939** invade Checoslovaquia e Polonia. O Reino Unido, Francia e Polonia decláranlle a guerra iniciándose así o maior conflito bélico do século XX: a Segunda Guerra Mundial. É o mesmo ano no que remata a Guerra Civil Española e comeza a ditadura de Francisco Franco, que dará paso a un tempo longo, cruel e miserable. En **1941** Alemaña invade Rusia, onde sufrirá a primeira derrota. Xapón ataca Pearl Harbor e Estados Unidos entra na guerra, feito que cambiará o sentido da contenda.

Manuel María prepara en Rábade o ingreso no Instituto cun mestre que dedica as tardes dos sábados a ler e comentar textos poéticos galegos -algo verdadeiramente sorprendente nesa época-. No curso 1942-43, inicia o bacharelato no Instituto Masculino de Lugo. Antes de rematar o primeiro curso, morre seu pai e faise cargo da súa educación o seu tío paterno, párroco de San Froilán e profesor de Filosofía no Instituto Feminino da cidade luguesa. Son anos duros nos que o poeta vive interno na Academia Galicia dos maristas, retornando sempre que pode á liberdade de Outeiro de Rei coa súa nai e irmáns.

No **1945** prodúcese a rendición incondicional da Alemaña nazi e de Xapón, tras os bombardeos por parte de EEUU de dúas cidades xaponesas, Hiroshima e Nagasaki, cunha nova arma -a





bomba atómica-. É a fin da Segunda Guerra Mundial que causou entre 50 e 70 millóns de mortos. Pero aínda quedaba un último episodio desta traxedia: o descubrimento do horror dos campos de exterminio contra os xudeus.

Coa paz comeza a hora de xulgar aos culpables de tanta morte e desolación, e de crear as condicións para que outra guerra semellante non volva a producirse, créase a ONU. Pero un novo conflito está a xurdir, a "Guerra Fría", que dividirá o mundo en dúas metades enfrontadas: países capitalistas e comunistas.

Até 1948 Manuel María é lector habitual da Biblia, e da obra de poetas como Rubén Darío, a Xeración do 27 e dos clásicos españois. Da man de Manuel de Paderna, un criado que traballa na

casa, aprenderá a facer versos nos mediodías do verán.

Froito da Guerra Fría, Alemaña pártese en dous estados e os países da Europa occidental asinan un tratado defensivo, a OTAN, diante do medo cada vez maior á URSS -que posúe a bomba atómica- e os seus aliados. Mentres o mundo segue envolto na violencia: primeira guerra de árabes e israelís, separación de Corea do Norte e do Sur e morte de Gandhi "o apóstolo da non violencia". Só a proclamación da *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* pola ONU parece abrir un buratiño de esperanza para un mundo mellor.

En **1949**, á idade de 20 anos, comeza a súa precoz carreira literaria impartindo a súa primeira





conferencia no Círculo de Artes e entrando en contacto cos integrantes da tertulia do café Méndez Núñez: Luís Pimentel, Ánxel Fole, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro e Carballo Calero. Convértese en editor da revista *Xistral* na que publica os seus primeiros versos en galego. Pouco despois fai o servizo militar en Parga e en Compostela, onde coincide con Uxío Novoneyra.

No último ano desta década proclámase a República Popular de China tras o triunfo na Guerra Civil contra as forzas da República China, convertendo a Mao Zedong no seu líder máximo ata a súa morte en 1976.

Á dereita: Uxío Novoneyra, Ramón Piñeiro, A. Bonet, Pura Vázquez, Manuel María e Carlos Maside, en Compostela.





## Anos 50

Manuel María publica no ano **1950** o seu primeiro poemario, *Muiñeiro de brétemas*, froito da crise relixiosa e da carraxe pola morte do seu irmán Xesús. En Santiago acode á tertulia do Café Español, onde fai grande amizade con Carlos Maside que o achegará á realidade do pensamento marxista. Ao rematar o servizo militar volve a Lugo e prepárase como procurador. En 1952, ano no que sobe ao trono a actual raíña de Inglaterra, Isabel II, publica o seu libro *Morrendo a cada intre*. No verán de 1953 escribe a primeira redacción de *Terra Chá*, que é un verdadeiro reencontro coas súas raigames labregas. En **1956** coñece a Saleta Goi coa que casará tres anos máis tarde e que será unha constante presenza na súa vida e obra. Dous anos despois instálase en Monforte,

onde exercerá como Procurador dos Tribunais, actividade que complementa dando clases nunha academia e colaborando nunha emisora de radio.

Como consecuencia da Guerra Fría iníciase unha carreira armamentista sen precedentes que se estenderá nas seguintes décadas e que fará que países como a URSS e EEUU cheguen a dispoñer dun arsenal capaz de destruír todo o planeta.

A posición xeográfica de España acaba converténdoa en estratéxica para EEUU e os seus aliados europeos fronte á URSS, o que propicia que comece a chegar axuda económica norteamericana. Isto pon fin ao illamento internacional do réxime franquista, favorecendo unha pequena mellora da economía, nun país cun nivel de desenvolvemento moi inferior ao resto das economías de Europa Occidental.

Son tempos nos que nace a exploración espacial co envío ao espazo do satélite soviético *Sputnik 2*, levando á cadeliña Laika, dos Tratados de Roma que darán orixe á Comunidade Económica Europea e do desenvolvemento da linguaxe de programación.

## Anos 60

A súa obra pasa dunha postura existencialista pesimista ao compromiso social e político. Mantén unha grande relación co grupo de intelectuais de Ourense (Vicente Risco, Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, etc.) e asiste ás primeiras reunións na clandestinidade para reorganizar o nacionalismo galego. Organiza a editorial *Xistral* e, xunto coa súa dona, monta a librería de igual nome.



Manuel María e Saleta na inauguración da librería Xistral. En primeiro termo Xesús Veiga.

Son anos nos que os acontecementos parecen comezar a xirar a velocidade de vértigo: nace o movemento hippie en USA (1960), a Unión Soviética inicia a "carreira espacial" enviando o primeiro home ao espazo (Yuri



Gagarin), constrúese o muro de Berlín (1961) e desencadáese a Crise dos mísiles de Cuba, entre USA e a URSS, que marca o momento no que máis preto estivo o Mundo da Guerra Nuclear. A URSS segue mandando na carreira espacial, e envía ao espazo á primeira muller, Valentina Tereshkova. Mentres os EEUU poñen en órbita o primeiro satélite de telecomunicacións xeoestacionario, xermolo dos teléfonos móbiles, internet, GPS...

Preto da segunda metade dos sesenta fúndase a Unión do Povo Galego (UPG), na que ingresan Manuel María e Saleta. Comezan igualmente as primeiras folgas obreiras, a loita labrega contra FENOSA e as revoltas na Universidade. O compromiso de Manuel María lévao a percorrer Galicia e a participar en importantes acontecementos para a cultura galega e para

Á dereita, Manuel María nun mitin do BN-PG en Monforte.

o país. Publica nestes anos *Os soños na gaiola*, *Versos para un país de minifundios* e a peza teatral *Barriga verde*.

A década dos 60 é a época da guerra de Vietnam, da actividade guerrilleira en América do Sur. Ernesto "Che" Guevara, morre no ano 1967, o mesmo ano no que se produce a Guerra dos Seis Días entre





Israel e os seus veciños árabes. Son tempos de fortes cambios: desátase a beatlemania e a revolución do amor e das flores invade occidente con grandes concentracións musicais como a de Woodstock (1968). Nese mesmo ano no que no mes de maio os estudantes franceses toman as

rúas de París e queren mudar o mundo berrando "sexamos realistas, pidamos o imposible", en EE.UU. asasinan a Martin Luther King, o home que soñou para os negros norteamericanos un futuro sen discriminacións. A ciencia comeza a cambiar a nosa forma de vida: en 1967 Christian Barnard realiza o primeiro trasplante de corazón. No 68, os militares estadounidenses crean unha rede de telecomunicacións, ARPANET, que derivará na rede Internet. No 69, o Apolo XI leva por primeira vez a un ser humano, Neil Armstrong, á lúa.



## Anos 70

Publica no ano 1970 *Cancións de lusco e fusco*, na colección de poesía *Val do Lemos* que el crea na editorial *Xistral*, onde tamén publicarán Lois Diéguez, Celso Emilio Ferreiro, Xosé Neira

Xerardo Moscoso, Vicente Araguas, Xavier e Benedicto (Voces Ceibes) xunto a Manuel María.





Vilas, Darío X. Cabana... Ese ano tamén é elixido membro correspondente da Real Academia Galega, condición á que renuncia, nunha carta pública que aparece nos xornais galegos en **1975**, pola total ineficacia desta institución na defensa da lingua galega. Neste mesmo ano, o da morte de Franco, intégrase na AN-PG, organización á que lle doará a propiedade de *Edicións Xistral*.

Tras da morte do ditador comeza a transición política e a creación dun estado autonómico. Manuel María manterá un compromiso activo co nacionalismo galego, formando parte das candidaturas ao Senado e ao Concello de Monforte, onde en 1979 foi concelleiro. Son anos duros, e a súa participación nas campañas en defensa da lingua foi moi activa. Desta época son os libros *Poemas para construír unha patria*

(1976), *Poemas ó outono* (1977), *Libro das baladas* (1978), *As rúas do vento ceibe* (1979).

A nivel mundial, o conflito árabe-israelí e a etapa final da guerra do Vietnam dominan a maior parte da vida política. Fúndase Apple Computer (**1976**), o mesmo ano que morre Mao Zedong, líder supremo dunha China que comeza unha inesperada e rapidísima incorporación á economía capitalista, e no que Adolfo Suárez se converte no primeiro presidente democrático de España dende a Guerra Civil.

Tamén é nesta década cando desaparece o considerado «Rei do rock and roll» Elvis Presley (1977), e cando Ernő Rubik crea un crebacabezas que se converte en todo un éxito internacional, o cubo máxico ou cubo de Rubik.





## Anos 80

A partir de 1980 a poesía de Manuel María acada unha expresión máis íntima e humanista. A súa participación en conferencias, coloquios, recitais... intensifícase. Emprende tamén unha serie de viaxes que o levan a diversas partes de

Arriba, Manuel María con Luis Soto e Celso Emilio Ferreiro.

Europa. Publica obras como *Escolma de poetas de Outeiro de Rei*, *Versos do lume e do vagalume*, *A luz resucitada*, *Oráculos para cavaliños do demo*.

Moitos acontecementos se suceden de forma imparabile nesta década. O inicio márcao a invasión de Afganistan pola URSS no ano 1979, o que unido aos graves problemas económicos e de produción de alimentos e á subida ao poder de Mijail Gorbachov no ano **1985**, abrirá un proceso de modernización que liquidará o estado comunista. Mentres, no mesmo ano que en España, Tejero, comandante da Garda Civil, encabeza un fracasado golpe de estado contra a democracia española, comercialízase IBM PC o primeiro ordenador persoal (1981), do que ninguén pensaba que se poderían vender máis dalgúns centos de unidades.





Outros acontecementos van ir cambiando a sociedade internacional: Arxentina e Inglaterra enfróntanse en guerra polas Illas Malvinas (1982), que suporá a desaparición da ditadura militar arxentina, e aos poucos a caída das ditaduras sudamericanas; a igrexa católica comeza unha nova andaina co papado de Juan Pablo II (1987) que botará cara atrás os anceios renovadores do Concilio Vaticano II. A década remata con dous acontecementos que suporán a fin dunha era, a represión e matanza da Praza de Tian'anmen de Pekín e os imparables cambios políticos na Europa do Leste que culminarán en novembro de 1989 co muro de Berlín demolido polos propios berlineses, muro que encarnaba a división do mundo dende a Segunda Guerra Mundial. O seguinte ano, 1990, producírase a reunificación de Alemaña.

Nestes anos 80 desaparecen moitos dos músicos que crearon a música actual: John Lennon (1980), Bob Marley (1981)...

Son tempos nos que a humanidade coñecerá novas enfermidades que se anunciaban como pragas devastadoras e catástrofes que ameazarán a vida de millóns de persoas: (1981) a existencia da SIDA faise pública por primeira vez; a detección do burato da capa de ozono na Antártida (1985) o mesmo ano no que se coñece o primeiro caso da EEB ou «enfermidade das vacas tolas; Chernóbil, central nuclear de Ucraína, sufrirá un gravísimo accidente contaminante, e quedará como símbolo do risco da tecnoloxía nuclear (1986).



## Anos 90 ata 2004

Manuel María abandona a militancia política para se dedicar por completo á actividade literaria e cultural. Sucédense as homenaxes, os premios e os recoñecementos, sendo especialmente sentida a homenaxe nacional que a AS-PG lle tributa no Teatro Rosalía de Castro en **1995** e a entrada como académico numerario na Real Academia Galega en 2003. No ano 95 xubíbase como Procurador dos Tribunais e no **98** traslada a súa residencia á cidade da Coruña onde pasa os seus últimos anos. Unha das últimas campañas coas que colabora é coa de *Burla Negra* e a Plataforma *Nunca Máis*, a raíz do desastre do *Prestige*. Publica *Cancioneiro de Monforte de Lemos*, *Compendio de orballos e incertezas*, *Sonetos á casa de Hortas*, *Brétemas de muiñeiro*, *Camiños de luz e sombra...*

Os anxeios de renovación e liberdade dan paso, na década dos noventa, a un mundo de contrastes: seguimos asistindo a guerras, mesmo no corazón de Europa como a de Bosnia tras da desintegración de Yugoslavia (1991), a 1ª Guerra do Golfo, a intervención militar rusa en Chechenia (1994) ou a instauración do réxime talibán en Afganistán (96).

Tamén se dan pasos máis esperanzadores: en Sudáfrica son abolidas as leis do Apartheid (**1992**) que separaban a negros de brancos, e que permitirán que tres anos despois Nelson Mandela chegue á presidencia dese país (1994). Asíñase o Tratado de Maastricht, nacemento da Unión Europea (1992).



Alén da política, os cambios, especialmente no mundo da tecnoloxía, sucédense a un ritmo tan vertixinoso que custa seguiolos. Trátase dunha verdadeira revolución que transformará as relacións sociais e as comunicacións: en **1995** Bill Gates lanza o sistema operativo Windows 95, comezando unha competencia entre dous xigantes da infomática, Windows e Apple, creado por Steve Jobs, e que en 1994 puxo o seu Mac no mercado. Comeza tamén a finais desta década o boom da telefonía móbil.

Pero tamén avanza a investigación médica que abre portas asombrosas: Steen Willadsen clona un embrión de ovella, que abrirá o camiño para que en 1997 naza Dolly, o primeiro mamífero clonado a partir dunha célula adulta. No **2001** anúnciase o desciframiento do xenoma

humano e, con isto, a posibilidade dun novo tipo de medicamentos personalizados. As aplicacións médicas que se prevén nun futuro próximo entran directamente no campo da ciencia-ficción.

Os derradeiros anos da vida de Manuel María coinciden coa primeira maioría absoluta do Partido Popular en España, con Aznar como presidente, e coa extensión do terrorismo internacional de matiz relixioso: EE.UU. sofre o maior ataque terrorista da historia cando dous avións destrúen as Torres Xemelgas en Nova York (2001), que traerá como consecuencia que o presidente George W. Bush comece, en represalia, a Guerra en Afganistán en 2001 e a 2ª Guerra do Golfo, coa invasión de Irak, en 2003. Este atentado será só o primeiro dunha cadea que chega ata os nosos días: en **2004**, masacre terrorista do 11-M en Madrid, logo no metro de Londres...



Mentres, Europa parece querer afirmarse como unha unidade, e no **2002**, o Euro entra en circulación en doce países. Nas costas galegas afunde un petroleiro, o *Prestige*, provocando a

maior catástrofe ecolóxica na historia de Galicia. O 1 de maio do 2004, catro meses antes da morte de Manuel María, prodúcese no sureste asiático o peor tsunami da historia, que deixará máis de 280.000 mortos e millóns de desprazados.

Falece Manuel María o 8 de setembro de **2004** na Coruña. Despois do velorio no Panteón de Galegos Ilustres, o seu corpo foi trasladado a Outeiro de Rei.

Á esquerda, Manuel María na Coruña nunha manifestación de Nunca Máis con Manuel Rivas ao fondo.





## Posibles actividades sobre acontecementos e personaxes desta época histórica que nos ocupa.

1.-Formade pequenos grupos de tres ou catro compañeiros, realizade un traballo de documentación sobre os acontecementos propostos a continuación para logo, nunha exposición oral, compartila cos vosos compañeiros.

- O crac do 29.
- A Guerra Fría.
- A lei seca.
- O ataque a Pearl Harbor.
- Hiroshima e Nagasaki.

2.-Escollede un destes personaxes que, por unha ou outra razón, tiveron relevancia no tempo histórico que estamos a traballar e plasmade logo nunha composición escrita o resultado da vosa investigación:

- Carlos Maside.
- Luís Pimentel.
- Álvaro Cunqueiro.
- Ánxel Fole.
- Carballo Calero.
- Uxío Novoneyra.
  
- Martín Luther King.
- Nelson Mandela.
- Christian Barnard.
- Mao Zedong
- António Oliveira Salazar.





- Roosevelt.
- Gandhi.

3.-Partindo das cuestións formuladas a continuación, amplía os teus coñecementos sobre a segunda metade do século XX.

-Cando se descifra o xenoma humano? En que consiste?

-En que ano pon Steve Jobs o Mac no mercado? E Bill Gates o sistema Windows? Que significaron estes avances para a sociedade actual?

-En que consiste o chamado Apartheid?

-No 1996 instáurase o réxime talibán en Afganistán. En que consiste e que consecuencias

trae consigo para a historia mundial das últimas décadas?

-Sabes o que sucedeu en Chernóbil? Podes situalo no mapa?

-No 1989 cae o muro de Berlín. Por que e cando se construíu? Existen muros semellantes na actualidade?

-Que acontecementos marcaron o ano 1985? Pregunta no teu entorno familiar como foi a súa experiencia persoal e toma nota da súa testemuña.

-Cando se funda Apple Computer? Pregúntalle aos teus familiares como era a súa vida cotiá sen as tecnoloxías que ti utilizas habitualmente.





Como viviron a adaptación a elas?

-Que similitudes e diferenzas hai entre a guerra do Vietnam da década dos 60 e outras que se están sufrindo hoxe en día?

-Por que Picasso pinta o Guernica?



## A xeración literaria de Manuel María

Manuel María pertence á denominada Xeración dos 50, constituída por un grupo de escritores que irrompen nesa década no panorama cultural e literario galego e protagonizan nel unha profunda renovación, tanto formal como temática. Outras etiquetas que recibe comunmente este agrupamento son Escola da Tebra (polo seu cultivo da poesía existencialista), Xeración de *La Noche* (pola súa colaboración no suplemento literario dun xornal vespertino santiagués así





chamado) ou Xeración das Festas Minervais (por teren participado e gañado premios moitos destes escritores nese certame literario da Universidade de Santiago, que se celebrou anualmente desde 1953 até 1964). *Muiñeiro de brétemas*, publicada en 1950, inaugura (xunto con *Fabulario novo* de Cuña Novás) esta nova etapa que se basea na elaboración dun discurso poético dominado polo pesimismo, pola anguria, o tenebrismo e pola ruptura das convencións rítmicas e métricas.

“Con *Muiñeiro de brétemas* comecei, hai anos, as miñas andaduras poéticas. O libriño publicárase na pontevedresa colección Benito Soto, facendo o volume X, no ano 1950, gracias aos bos oficios e ao interese xeneroso do gran poeta e inesquecível amigo Aquilino Iglesia Alvariño. Fora escrito un ano

antes, polos meses do verán, no meu Outeiro de Rei natal. Moitos dos seus versos están compostos á beira do Miño, no Campo da Santa Isabel. Eu tiña entón dezanove anos, un bacharelato recién rematado, moi pouca cultura literaria, toda unha vida diante de min aínda sen gastar e unha capacidade de entusiasmo case ilimitada. Dos poetas galegos, ademais de Rosalía e Curros, coñecía os poemas incluídos nas escolmas de Carré Aldao e Álvaro María de las Casas, xa dende os meus tempos da escola primaria. Os poucos poemas de Manuel Antonio e de Amado Carballo, que lera na escolma de Álvaro María de las Casas, deslumbráranme e as súas pegadas aí están, e ben doadas que son de recoñecer, nas páxinas de *Muiñeiro de brétemas*. Dende que teño acordo e





discernimento sempre me sentín totalmente identificado coas xentes do meu país, coa súa fala e coa súa cultura, que fun descubrindo pouco a pouco, apaixonadamente e dun xeito anárquico. Así foi como naceu *Muiñeiro de brétemas* que, se algún mérito ten e algo vale, é o de ser o primeiro libro publicado en galego e en Galiza por un mozo despois da guerra civil. Cando saíu á luz eu non sabía que

a este meu primeiro libro lle cabía a honra e a responsabilidade de cumprir un papel histórico: servir de vencello entre a literatura galega de anteguerra e a de posguerra. Por iso lle teño un agarimo especial".

Son autores e autoras nados na década dos 30 e comezos dos 40, de orixes vilegas e pequenoburguesas (Manuel María nace no seo dunha



familia de labregos máis que acomodada), que conforman a primeira xeración de posguerra da literatura galega. Aínda que non viviron directamente o conflito bélico, criáronse no clima escurantista e represivo subseguinte e padeceron moitas das súas consecuencias: descoñecerán inicialmente a actividade galeguista e literaria desenvolvida durante a República, non terán fácil contacto coas correntes culturais europeas pola censura e o illamento practicados polo franquismo, etc. Terán que facer un traballo de auténtico "redescubrimento" de Galicia, logrado a través do contacto persoal na Compostela Universitaria con figuras como Otero Pedrayo, Carlos Maside e Ramón Piñeiro e, máis tarde, en comunicación cos núcleos de exiliados galegos en América.

Como resposta ao clima cultural gris e represivo da ditadura franquista en que medran e se educan, os membros da Xeración dos 50 buscan referentes externos no mundo cultural francés e angloamericano e ollan con simpatía novas formas de expresión artística caracterizadas polo rupturismo e a rebeldía: a música jazz e o rock, a *action painting* e cómic, o movemento *beat*, o teatro do absurdo e o *nouveau roman* francés, etc. Ese espírito contaxia cada unha das súas iniciativas, que contribúen decisivamente a modernizar a poesía e a prosa galega, a conformar unha nova linguaxe plástica que combina tradición galega e vangarda universal e, mesmamente, a redefinir o proxecto político auspiciado polo grupo Galaxia e por Ramón Piñeiro. Da súa ruptura co "culturalismo" xorden as primeiras forzas políticas galegas



da posguerra: o “Partido Socialista Galego” (PSG, 1963) e a “Unión do Pobo Galego” (UPG, 1964). Ambas forzas rescatan e actualizan o pensamento de Castelao á luz do marxismo e promoven, desde a clandestinidade, unha decidida oposición á ditadura franquista.

A poesía de Manuel María axústase á caracterización da poesía socialrealista, mais ten trazos propios que a singularizan fronte a outras producións, nomeadamente fronte á produción poética de Celso Emilio Ferreiro. É o propio Manuel María quen nos dá a clave nun artigo en que nos fala da súa admiración por Celso Emilio e deixa claro cal foi a relación que mantiveron ao longo da súa vida ambos os dous poetas. Manuel María sinala que Celso Emilio foi un poeta progresista e menciona como exemplo

deste progresismo parte dos temas que tratou o de Celanova, temas que abordou nos poemas que coñecemos como poesía socialrealista, mais Manuel María sinala que: “O que non foi... é o que se entende... por poeta nacionalista galego como, por exemplo, Ramón Cabanillas. A temática da poesía de Celso Emilio Ferreiro vale pró povo galego. Isto é evidente. Pro hai unha temática especificamente galega –normalización da lingua e da cultura, autodeterminación, situación do asoballo nacional, dependencia, etc.- que non aparece na súa poesía, se exceptuamos o fermosísimo poema adicado ao idioma propio”. (Fernández Teixeira, Manuel María, 1989, páx. 6). Por tanto, Manuel María representaría o socialrealismo de xorne nacionalista que se caracteriza por reivindicar o país a través, fundamentalmente, da denuncia da situación de



asoballamento, sometemento e colonización do noso pobo, e a defensa do idioma.

### Reflexións:

- Sabes á que se lle chama xeración en literatura?
- Que criterios se utilizan para establecela?
- Cantas xeracións coñeces na literatura galega?
- Sabes cal foi a primeira ben coñecida da nosa historia literaria? Poderías concretar dúas ou tres características desta xeración?
- Agrúpase en xeracións aos compoñentes doutras manifestacións artísticas ? Cales podes mencionar?

Traballo de documentación:

Realiza unha pequena investigación sobre estes personaxes que tiveron relevancia na vida de Manuel María:

- A. Aquilino Iglesia Alvariño.
- B. Otero Pedrayo.
- C. Celso Emilio Ferreiro.





## OBRADOIROS

Manuel María é un autor prolífico e de temática variada. Cultivou todos os xéneros literarios e experimentou todas as tendencias literarias que se sucederon na postguerra. Nós centrámonos, neste caderniño, na súa faceta de poeta e ofrecemos unha primeira aproximación á súa obra, escollendo poemas ben coñecidos que coidamos axeitados para realizar obradoiros aos diferentes niveis.

A nosa intención é que nesta breve escolma aparezan algúns dos temas máis representativos

da súa obra poética. Non son todos pero si abondos para que a vosa curiosidade vos leve a afondar no poeta da Terra Chá.

O autor describe polo miúdo nos seus versos a paisaxe e as xentes que marcaron a súa vida, dende a infancia chairega ata os últimos anos na Coruña: a terra, os ríos, a flora e a fauna, os axentes meteorolóxicos e as estacións, a lingua, a cultura, as persoas e todo tipo de obxectos que conformaron o seu universo persoal.

Xa é sabido que unha das características máis salientables da lírica galega, dende os seus inicios, é a identificación que os nosos autores teñen coa natureza. En todas as épocas da nosa historia literaria podemos atopar claros exemplos desta comunicación do galego co seu





medio, que vén sendo confidente e espello do seus sentimentos máis íntimos.

Hai uns anos dedicóuselle o Día das Letras Galegas a Uxío Novoneyra. A Novoneyra denomínaselle "O poeta do Courel", a Manuel María "O poeta da Terra Chá". Montaña e chaira, ríos e mares quedan así immortalizados por dúas voces amigas que pertencen con pleno dereito ao máis salientable da nosa literatura.



## 1.- O POETA

-Tomando como punto de partida o poema *Carné de identidade*, que aparece na primeira parte deste caderniño, e este que poñemos a continuación, *Tarxeta de visita*, rescribe un texto en prosa a modo de biografía do autor.

-Localiza no mapa a Terra Chá. Pescuda sobre as súas características: orografía, cultivos, fauna e flora, monumentos, festas...

-Localiza outros autores literarios que pertencen a esta mesma zona.





## Tarxeta de visita

Manuel María -xa o sabedes- é o meu nome  
feble, corto, esguío e tan desamparado  
que sempre o usei sen apelidos.  
Un nome humilde como a brisa que fai  
ondear as centeeiras, unha folerpiña de neve  
-un salouco só que o ar desfai-  
que non pode chegar ao chao sen derreterse.  
Un nome como tantos, sinxelo e do pobo.  
Polos Hortas apelídome Fernández,  
vella casta xunguida á terra dende sempre  
no meu Outeiro de Rei da Terra Chá.  
Por parte de nai son Teixeira, familia  
de labregos, que aínda vive no vello  
casal de Vilanova, perto a Lugo,  
na parroquia que din de Sanamede.  
De neno prendeume o Miño coa súa música

e puxo no meu corazón vellos cantares.  
Teño xa moitísimos anos repartidos  
en alegrías, tristuras e fracasos.  
Publiquei algús libros. Son casado.  
Levo barba entrecana para tapar o medo  
que, como un verme, roi o meu sosego.  
Procurador de oficio. Gáñome a vida  
-e tamén o noxo e a desesperanza-  
coa miña profesión e outras tristezas.  
Agora vivo en Monforte para o que gusten,  
coidando o amor, a comprensión, a fe  
nos homes, na Terra e máis na fala.  
Carezo de títulos importantes. Non  
teño vocación para arquivar diplomas  
que son febles papeis -fume de nada-  
que sempre rematan no faiado  
irremisibelmente roídos polos ratos.  
Toda a miña ilusión é ir tirando.



E se falo de min é para dicir  
que aínda estou vivo, sano e salvo.

*Remol (1970)*

## 2.- A LINGUA

Galeguista e reivindicativo de todo o que conforma o noso país, Manuel María defendeu o idioma como vehículo indispensable da cultura e do sentir do pobo.

### A fala

O idioma é a chave  
coa que abrimos o mundo:  
o salouco máis feble,  
o pesar máis profundo.

O idioma é a vida,  
o coitelo da dor,  
o murmuro do vento,  
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,  
é a voz dos avós  
e ese breve ronsel  
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,  
patrimonio do pobo,  
maxicamente vello,  
eternamente novo.

O idioma é a patria,  
a esencia máis nosa,  
a creación común  
meirande e poderosa.





O idioma é a forza  
que nos xungue e sostén.  
¡Se perdemos a fala  
non seremos ningún!

O idioma é o amor,  
o latexo, a verdade,  
a fonte da que agroma  
a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma  
é ser mudo e morrer.  
¡Precisamos a lingua  
se queremos vencer!

*As rúas do vento ceibe* (1979)

-Formade pequenos grupos, repartide dúas ou tres estrofas por grupo e interpretade cada unha delas para logo facer unha posta en común entre todos os compañeiros.

### 3.- A PAISAXE: A TERRA, A AUGA, A FLORA E A FAUNA.

#### • A TERRA

Partimos deste poema onde Manuel María fala da súa infancia.

#### Poema da infancia perdida

A infancia é a miña patria  
verdadeira.  
O meu paraíso perdido.





Lembro a pureza dos meus soños.  
O pasmo que me causaban  
as estrelas.  
As paisaxes que quedaron  
nos meus ollos.  
Os contos do avó.  
A doce voz de miña nai.  
As verbas de meu pai.  
Os xogos compartidos  
cos irmaos.  
E tantas cousas fondas  
que forman parte inseparábel  
de min mesmo.

Aquela pureza xa non é  
e teño soedade  
daquel neno sinxelo  
que antes fun.

¡Deixádeme ser triste  
ou senón  
voltádeme outra vez  
a miña infancia!

*Mar Maior (1963)*

O lugar onde transcorreu esa infancia quedou marcado fundamentalmente nel, e será esa terra –coa súa cultura material e espiritual, coa súa riqueza vexetal, animal e humana– a que encha os seus poemas ao longo de toda a súa vida. Como ben di Claudio Rodríguez Fer: “[...] A poesía de Manuel María constitúe unha verdadeira enciclopedia da cultura popular galega [...]”. (Rodríguez Fer, 1989: 372)





## TERRA CHÁ

A Terra Chá somentes é:  
un povo aquí, outro acolá,  
mil arbres, monte raso,  
un ceo chumbo e tráxico  
no que andan as aves a voar.  
O resto é soedá.

*Terra Chá* (1954-1989)



-Le amodiño o poema e logo busca no dicionario:  
Raso, chumbo e tráxico.

-Que sentimento une o poeta e a paisaxe neste  
poemiña?

-Para ti, cal é a palabra clave para entender a súa  
mensaxe?

-Por que pensas ti que o autor pon "soedá" e non  
"soidade"?



-Propoñémosche agora unha actividade plástica:

Á maneira do gran artista Matisse, escolle cartolinas de cores e vai recortando nelas a terra, árbores, casiñas, aves, o ceo... Ben, agora falta un elemento: a "soedá". Pon en marcha a túa creatividade e completa o cadro.

#### • A AUGA

Galicia é terra de auga, bañada en case as súas tres cuartas partes polo mar, atravesada por un entramado de rías, ríos e regatos e coñecedora de todas as formas e intensidades posibles de chuvia. É comprensible, pois, que moitos dos seus poetas expresen esa identificación que todo galego sente.

Na obra do noso autor atopamos a auga en case todas as súas formas: "a milagrosa pinga do orballo", as fontes, regos, regatos, ríos, lagoas e o mar son importantes canles de expresión para os seus sentimentos.

#### O MIÑO

O Miño é vello e é tristeiro:

sempre vai mudo e vai senlleiro.

No Inverno semella que murmura un segredo con forte voz escura.

Un escoita, atento e esperanzado, e o vello Miño sempre vai calado.

*Terra Chá (1954-1989)*





-Le atentamente o poema e logo busca no dicionario o significado de "senlleiro".

-Fíxate nos adxectivos utilizados:

vello ---- tristeiro  
mudo ---- senlleiro  
vello ---- calado

Son cualidades que se lle atribúen habitualmente a un río?

-Que son as figuras retóricas? Como se denomina esta que aparece no poema?

-No cuarto e quinto verso o río cambia. Por que dirá o poeta que xusto no inverno "semella que murmura"?

-Por que se apón nesa estación "unha forte voz escura"?

-Que supós que quere dicir o autor neste verso:

"Un escoita, atento e esperanzado,"

-Aparecen dúas palabras que se repiten, unha delas por medio dun sinónimo, cales son? Son claves para a comprensión do poema. Razo a resposta.

-Compara os dous poemíñas anteriores dende o punto de vista formal:

1.-Mide os versos.

2.-Determina a rima.





## O Regato de Cepelo

Manuel María publicou un libríño titulado *A tribo ten catro ríos*, nel cóntanos como nace este regato tan querido e cantado por el e que rega as terras de Outeiro de Rei.

“O nome de Outeiro –que é o de pía- vénlle dado por estar situado no alto con relación ó río Miño. O apelido de Rei débese a que é a vila máis fermosa da bisbarra”.

Na contraportada do libríño atopamos estas palabras:

-Dende o punto de vista temático, cres que expresan sentimentos semellantes? Razo a túa resposta.

“Manuel de Paderna é barbeiro e alguacil do concello. E tamén, poeta. El coñece os versos que fan nacer regatos e erguer quioscos de





música. Enténdenlle a súa fala as fontes e o río é amigo seu. E teu, se o queres soñar.

Aínda que a don Capitón, o alcalde, non é que lle chisten moito esas andrómenas...".

No primeiro capítulo do libro podemos gozar dun relatiño titulado *Como naceu o regato de Cepelo*. Cántanos que en Outeiro de Rei había tres ríos e estaban todos moi contentos, pero enteiráronse de que no Paraíso Terreal tiñan catro. Piden axuda a todas as autoridades civís e mais eclesiásticas sen resultado. Un rapaciño calado e melancólico aclaroulles, pois os maiores non saben facer as cousas, que para ter un novo río, primeiro hai que soñalo. El coñecía a un famoso debuxante de soños que vivía en Lugo, Ramón Lamote. Efectivamente, este debuxante de

soños, despois de recoller todas as suxestións dos veciños, debuxoulles un Regato que era o que querían. Levaron o debuxo aos lugares escollidos pero nada. Tivo que intervir de novo o rapaciño calado e melancólico que, por certo, voltou da romaxe de San Alberte en San Breixo de Parga falando en verso. Manueliño de Paderna, que así se chamaba, colleu o soño e foi situando as diferentes partes do regato axudado dos seus versiños:

"Augiña pura e sinxela  
agroma e faite fontela  
aquí: no Trollo da Agüela.

—  
Descansa. Vai a modiño  
Encórate:  
¡ites que mover un muíño!





—  
Neste lugar de Cepelo  
o rego xa é regato  
e mesmo namora velo.

—  
Regato, rego ou regueiro:  
é hora de descansar.  
¡Despide as terras de Outeiro  
que xa chegache ó teu mar!".

O conto remata con estas palabras:

"Agora a xente de Outeiro de Rei anda moi  
leda e fachendosa: a súa tribo ten xa catro  
ríos como o Paraíso Terreal".

Estes ríos serían: o Pai Miño ou Río Grande, o río  
Ladra, o Río Pequeno e o regato de Cepelo.

-Sóache de algo o nome de Ramón Lamote?  
Investiga quen vén sendo (nunca se sabe se  
precisarás a un debuxante de soños algún día...).

O noso autor fíxolle ao Regato de Cepelo varios  
poemas, velaiquí un deles:

Regato de Cepelo: naces e morres  
na miña tribo, breve como  
a milagreira pinga do orballo  
que se pousa no pétalo da rosa,  
espello dos meus soños, murmurio  
de fruta e do asubío, salouco  
emocionado e irreprimíbel, cunco  
de pureza musical, laverca  
chiadora, fadada raioliña  
de lúa deitada docemente



nesta terra, humana e vella, só  
para darlle a túa delicada levedade.

*Ritual para unha tribo capital de concello* (1986)

Proposta de actividades sobre o Regato de Cepelo.

1.-Le atentamente o poema e busca o vocabulario descoñecido.

2.-Acabamos de ver unha explicación sobre a topografía de Outeiro de Rei. Propoñémosche que investigues ti sobre estes outros topónimos mencionados na obra de Manuel María: Aguiar, Couto, Folgueira, Lugo, Tras da Agra, Trobo. Sitúaos no mapa e xustifica a súa presenza na obra poética do noso autor.

3.-Manuel María escribiu unha obriña de teatro sobre este mesmo tema. Localízaa para logo facer unha lectura dramatizada na aula.

4.-En grupos pequenos de traballo, buscade no poema as metáforas, imaxes e comparacións que atopedes.

5.-Fíxate nestes versos:

“[...] breve como  
a milagreira pinga do orballo [...]”.

Propoñémosche unha actividade plástica: en grupos, ou de xeito individual, realízade un safari fotográfico para inmortalizar todo xeito de pinga sobre unha folla, flor, fiestra ou outro soporte posible. Unha vez acadada a misión, escollede





entre todos as imaxes preferidas e montade unha exposición colectiva.

-Iremos facer un vocabulario/herbario moi particular.

• A FLORA

A abidueira

Que branca é  
a abidueira!  
Cara ó ceo anda a soñar!  
Feita zoca, anque non queira,  
moita lama ha de tripar!

*Terra Chá* (1954)

O MEU VOCABUL-  
POEM- -ARIO  
HERB-

Fíxate nestas palabras para compor o teu "herbario" de palabras maravillosas: abidueira, soñar, zoca, lama, tripar. Partindo delas, busca noutros poemas que che gusten unha morea delas e logo failles unha clasificación persoal, pon o seu significado real, o seu significado imaxinario, ponlle prefixos, sufixos... Por último intenta compor un pequeno poema con elas.




## • A FAUNA

### O carrizo

O carrizo, carriceiro;  
o carrizo, carrizón.  
¡O carrizo pequeneiro  
do tamaño dun botón!

O carrizo fai o niño  
moi redondo, ben lousado.  
¡O carrizo pequeniño!  
¡O carrizo carrizado!

O carrizo fai a casa  
ben lousada, ben cuberta.  
¡E a choiva non a pasa  
anque ten a porta aberta!



M.

¡O carrizo, carriciño!  
¡O carrizo, carrizota!  
¡O carrizo fai o niño  
semellante a unha pelota!

*Os soños na gaiola (1972)*



## Elementos simbólicos na fauna

-Propoñemos agora a lectura de dous poemas relacionados coa natureza nos que se emprega un uso simbólico da linguaxe, e que se poden inscribir na tradición lírica medieval.

### 1. CERVO

Cervo en liberdade, luz e aire:  
ábreste docemente como  
unha raiola de lúa enfeitizada  
na terra carnal dos nosos soños  
e fas sagrado ao bosque rumoroso.

A arboreda xentil que te coroa,  
grave e lene -tal a brétema-  
é a única alborada que pode

facer agromar do corazón  
unha música pura e misteriosa.

Cervo que baixas con urxencia  
a nidia limpidez da auga fría  
para cumprir o rito de beber  
as cores e os misterios da mañá.

Cervo, camelia tremelante,  
marabilloso Outono en plenitude:  
convérteste en espello,  
salouco lonxano e esvaído,  
lene melancolía vagorosa  
e fulgor que cega: como o lóstrego.



*A luz resucitada* (1984)





## 2. [Cervo, flor dun soño, tremor...]

Cervo, flor dun soño, tremor  
emocionado da terra  
cando se prepara alborazada  
para recibir á Primavera,  
tépedo vento milagreiro  
que cruzas e iluminas  
a floresta, lóstrego  
que deixas nos nosos ollos  
a sorpresa, a camelia gris,  
pura e branca da nostalgia.  
Cervo feito de luz, orballo,  
claridade de alba, símbolo  
do meu perfecto amor maduro  
de anxeios, de soños e de sedes:  
gallopa novamente o meu  
cansado corazón esgarecido

para que poida sentir  
unha vez máis, só unha vez,  
a xuventude  
florecedo de novo no meu sangue.

*Primaveira do 1998*

Comecemos a traballar o primeiro: "Cervo en  
liberdade, luz e aire".

- Leo atentamente.
- Busca no dicionario o vocabulario descoñecido.
- Realiza un breve resumo.

Agora imos intentar comprobar que hai dous  
planos no poema: un plano da realidade e  
outro simbólico. O da realidade correspóndese  
coa lectura ao pé da letra, co resumo que





probablemente acabas de facer. E para descubrir o plano simbólico apoiarémonos no segundo poema, que comeza: “Cervo, flor dun soño, tremor”.

Nel vemos que o autor designa elementos concretos da natureza para facer referencia a outras realidades diferentes, é dicir, dálles un valor semántico metafórico, un valor simbólico, como ben podemos apreciar nos versos 12, 13: “Cervo [...] símbolo do meu perfecto amor maduro”.

Ben, e con que tradición se relaciona? Pois coa do “cervo ferido” de Pero Meogo.

Pero Meogo é un dos representantes da nosa lírica medieval. Escribiu nove cantigas de amigo

que se caracterizan pola presenza dos cervos e da fonte. Invitámosvos a ler algunha delas, por exemplo a número IX, que di:

“Tardei, mia madre, na fría fontana,  
cervos do monte volvían a auga.  
Os amores ei”.

1.-Busca nas outras cantigas deste autor os elementos da natureza que tamén aparecen no poema de Manuel María.

2.-Investiga o significado simbólico destes elementos: o cervo, a auga, a alba, o bosque...

3.-Que calidades se asocian co cervo?

4.-Compara o tratamento que se fai desta



simboloxía na época medieval e no noso autor.

#### 4. PEQUENAS GRANDES COUSAS

Utilizamos todos os días certos obxectos que, por habituais, moitas veces perden o noso interese, deixamos de apreciarlos. Só cando os perdemos ou estragamos, tomamos conciencia da súa existencia.

##### Verbas ás cousas de uso cotidiano

Ti, miña pluma estilográfica, meu reloxo  
[vello,  
miñas máquinas de escribir e de afeitar,  
meu mecheiro, miña culler, miña navalla,  
cousas todas de uso cotidiano:  
ollade a miña tenrura, o meu carraxe,



as horas de tristeza, os intres de alegría.  
Vós sodes cousas humildes e sinxelas  
e podédesme dicir a razón  
que vos obriga a servirme fidelmente.  
Podédesme dicir  
se vos feriron ou non as miñas verbas,  
se vos deron alegría as miñas verbas,  
se entendedes as verbas que agora escribo,  
coa alma chea de amor, soio para vós.  
Se falárades diriádesme cousas  
[sorprendentes,  
razóns elementais e sinxelas.  
Pero estades mudas  
e de min arrédavos o mundo do silencio.  
Como vós non falades, eu falo convosco.  
E dígovos que a miña dor é fonda  
cando unha de vós xa non ten  
ningunha utilidade para servirme.



Pero cecais non me entendedes.  
As miñas verbas de home son complexas  
e a vosa alma de cousas é simplísima.

*Mar Major* (1963)

Neste poema Manuel María fai referencia á importancia dos obxectos utilizados acotío. Ao cabo, forman parte da nosa vida e establecemos unha relación directa e entrañable con eles.

Pensa nos obxectos que forman parte do teu “universo persoal” e trata de expresar a importancia que teñen para ti. Redacta un pequeno texto co resultado da túa reflexión.

Para facilitar este exercicio podes probar a tocar os obxectos escollidos cos ollos cerrados.

Aprecia as súas formas, texturas, mesmo o seu ulido. Eses pequenos obxectos acadarán outra dimensión, xa verás!

## 5. A PLÁSTICA E A PALABRA

“O verbo e a cor fixéronse vida e amor, é dicir:  
Primavera e Venus, Simonetta e Florencia”.

Manuel María

Todas as manifestacións artísticas están intimamente relacionadas. A imaxe pode ter ritmo e a música evoca imaxes. Os pintores do Renacemento inspiráronse en autores literarios como Hesíodo, Apuleio, Homero, Ovidio... para crear algunhas das súas admirables obras. E non resulta nada estrano que, andando o tempo, sexan esas extraordinarias pinturas as



que inspiren a grandes autores para retornar á literatura.

Este é o caso do noso autor. Cando Manuel María visita Italia, e en Florencia, na Galería Uffizi, contempla a pintura de Botticelli, agroma no seu corazón “a flor marabillosa dun asombro”.

No obradoiro no que traballamos o tema da Terra, dicíamos que a súa obra constitúe unha auténtica enciclopedia da cultura popular. Pero non só está presente este tipo de cultura, tamén a motivación culta ocupa un lugar importante na súa produción poética, como imos ver agora no poemario de inspiración pictórica: *A primavera de Venus* (1993).

Velaiquí o poema titulado *Invocación* que figura en primeiro lugar.

## Invocación

Agora, sobor da neve dos meus anos,  
unha faísca de luz virxe e nova  
ilumina o universo arrefecido  
dos meus soños cun ouridourado  
e maino resplandor case perfecto:  
aínda é imprescindíbel –e preciso–  
o manancial incesante da beleza  
e o cosmos garda, no fondo escuro  
do seu ser complexo e misterioso,  
un anxeio mortal de eternidade.

É a doce Primavera que rexurde,  
o humano Reino de Venus impoñendo  
o seu mandato fatal e inexorábel,  
o leve Céfire, Mercurio, Flora  
e as Tres Gracias presididas





polo poder irresistible de Cupido.  
Parte do noso mundo aínda semella  
un fabuloso xardín que conservara  
o recendo a lirio e a azucena  
que foi, unha vez, no paraíso.

Sabémonos caducos e mortais: só  
unha sombra ferida mortalmente  
polas imperiosas voces do divino.  
Imploramos con fe e humildade  
ser merecentes de que os deuses  
benignos, comprensivos e potentes  
nos sexan clementes e propicios  
e poñan, para sempre, neste noso  
pobre e desamparado corazón  
a flor maravillosa dun asombro.

*A primavera de Venus* (1993).


-Invitámoste a que busques os cadros do pintor  
Sandro Boticelli *A Primavera* e *O Nacemento  
de Venus*. Contémplaos, e logo, con eles diante,  
le algún dos poemas da obriña mencionada  
anteriormente.

-Centrándonos no cadro *A Primavera* e no poema  
*Invocación* imos realizar un pequeno obradoiro  
no que tentaremos pescudar no diálogo entre as  
dúas obras: a plástica e a literaria.

-En primeiro lugar teremos que informarnos  
sobre a obra de Boticelli.

1.-Cantas escenas hai? Coidas que contan  
historias diferentes? Que relación se establece  
entre os personaxes? Fíxate cara a onde van  
dirixidas as olladas. Cales expresan movemento,





mesmo danza, e cales quietude? Hai linguaxe corporal: posición do corpo, dos brazos...?

2.-Identifica a cada un dos personaxes. Explica quen son. Cales aparecen no poema?

3.-Identifica as especies vexetais (árbores e flores) que aparecen no cadro. Aparece

mencionada algunha destas especies no poema? Investiga sobre a relación das laranxeiras coa familia dos Medicis.

4.-Como se expresa na obra pictórica e na literaria o rexurdir da Primavera?

Arriba, fragmento de *O nacemento de Venus* (1486) de Sandro Boticelli.





5.-Documéntate sobre o tratamento dos deuses nas culturas grecolatinas e contrástao logo coa pintura que estamos a tratar e coa terceira estrofa do poema de Manuel María. Que cualidades menciona, a cales dos deuses se lle atribúen?

6.-Realiza un estudo comparativo sobre o concepto de beleza na cultura clásica e no Quatrocento: Boticelli. Daquela, volve ler a primeira estrofa do poema e achega a túa interpretación.

7.-Que podes dicir da técnica pictórica empregada por este pintor? Observa a composición, as liñas, as cores, a técnica pictórica... Fíxate na luz que ilumina o fondo e na que semella emanar dalgunhas figuras. En que versos e con que palabras fai referencia á luz o poeta?

-Ocuparémonos agora do poema:

1.-Realiza o estudo métrico do poema: número de estrofas, rima...

2.-Polo que se refire ao contido, pódense apreciar partes ou escenas diferenciadas?

3.-Que campos semánticos aprecias?

4.-Que figuras retóricas atopas?

5.-Agora que liches suficientemente o poema, cal coidas que é a mensaxe que nos quere transmitir o poeta? Que sensacións e emocións expresa? Coinciden coas túas?

6.-Como vimos anteriormente, a luz na obra de Boticelli é moi importante. A palabra luz e as súas





variantes é un elemento recorrente na poesía de Manuel María. Compróbaos ti mesmo noutros poemas que presentamos neste caderniño, por exemplo nos dous últimos.

## 6. A PALABRA E A MÚSICA

Manuel María foi un dos autores máis musicados polos cantautores e grupos galegos. Sempre que escoito algunha desas versións, lembro que hai xa moitos anos, un meu amigo, Alvariño de Cospeito, me contaba que o seu tío, o Mañas, construía os carros máis cantareiros de toda a bisbarra. Lembraba o Alvariño como, nas mañás de agosto, espertaba sempre co cantar do carro e xogaba a adiviñar, polo seu canto, quen sería o seu dono, pois, como saberedes, cada carriño ten o seu cantar.

Presentámosche estes tres poemas, que son ben coñecidos.


### O Carro

Non canta na Chá ninguén.  
Por eso o meu carro canta.  
Canta o seu eixo tan ben  
que a señardade me espanta.

Non hai canto tan fermoso:  
fino como un asubío.  
Anque é, ás vegadas, saudoso,  
faise, no ar, rechouchío.

O meu carro é cerna dura:  
sábese carballo e freixo.  
¡Que fermosa a súa feitura!  
¡Que lixeireza a do eixo!





As cousas vanse aledando  
por onde o meu carro pasa.  
¡Carrétame herba pró gando!  
¡Traime a colleita prá casa!

*Terra Chá (1954)*

## O Carro

Teño un carriño cantor,  
teño un carro cantareiro  
¡con fungueiros afiados  
e con eixo de amieiro!





O meu carro canta ben,  
non pode cantar mellor,  
¡Meu carriño cantareiro,  
meu carriño cantador!

O meu carro canta, canta;  
nunca cansa de cantar.  
¡De día cántalle ao sol;  
de noite, canta ao luar!

Ouh, meu carriño cantor:  
cantas agora e despois.  
¡Con que fachenda te leva  
a parelliña de bois...!

*Os soños na gaiola (1990)*

Carriño que cando cantas  
é cando levas máis peso  
moitas penas levar debe  
meu corazón cantareiro

*Cantiga popular*

Nos tres salíentase a virtude de “cantar” do carro.

- 1.-Sabes por que?
- 2.-Realiza un traballo de investigación sobre o carro galego: orixe, modelos, funcións, materiais.
- 3.-Busca imaxes (fotos, pinturas) nas que aparezan diferentes tipos de carro galego.



4.-Pregunta no teu entorno familiar se alguén utilizou o carro para traballar.

Velaí van outros tres do noso autor que tamén foron musicados.

### O Aradiño

Labrado da miña mau  
fixen coa miña navalla  
un aradiño de pao...

Leva timón e chavella  
je unha rella furadora  
feita cunha lata vella!

Ten orelleiras, rabela  
tan luída e rematada  
¡que namora mirar pra ela!

O meu arado e tan feito  
¡que pode incluso esfender  
labradíos a barbeito..!

¡Teño xa que darlle estreno  
ó meu arado arador,  
ó meu arado pequeno..!

¡E non sei ónde hei de ir  
busca-los bois que preciso,  
busca-los bois pra xunguir!

### O meu cuarto

Eu teño na miña casa  
un cuarto só para min:  
nel gardo soños sen tasa  
e fantasía sen fin.





No meu cuarto hai un balón,  
un mecano e máis un tren.  
¡E un cabalo de cartón  
que gallopa moito ben!

...

*As rúas do vento ceibe (1979)*

### Bando

Prohíbese, por orde da Alcaldía,  
que medren porque si  
as rosas do xardín municipal.  
Dende agora as pombas teñen  
que pedir licencia para voar.  
Prohíbese á lúa  
andar ceiba de noite polo ceo.  
A lúa é unha tola que anda espida  
dando mal exemplo ás nenas castas  
e aos fillos de boa familia.

Pagarán trabucos os poetas.  
Prohíbese soñar de 10 a 11.  
Prohíbese tamén derramar bágoas.  
Pódese chorar tan só cando hai sequía  
para que non fiquen valdeiros os pantanos.  
Un só se pode emocionar  
os Xoves e Domingos  
cando toca  
a Banda do Concello no quiosco.  
Están fóra de Lei  
as estrelas, a Primavera,  
as flores e os paxaros  
Dáse este bando en tal e cual  
para que se cumpra  
de orde do Alcalde.  
Asinado, carimbado e rubricado.

*Documentos persoais (1958)*





Busca as versións musicais que hai de todos eles en:

<https://www.youtube.com/?hl=es&gl=ES>

ou tamén no blog da biblioteca:

<http://bibliomariacasares.blogspot.com.es/>

Tamén podedes, en pequenos grupos, escoller cada un o que máis vos guste e poñerlle música propia.

## MÍNIMA ESCOLMA PARA DEGUSTAR DEVAGARIÑO

### O MUIÑO

Eu levo, dende sempre, na memoria o recordo do muiño do Cepelo. Era un roulón humilde sen historia e só, no meu ensoño, puiden velo.

O seu roular, sinxelo e solermiño, escoitárono os pais dos nosos pais. Únicamente eu lembro aquel muiño que non alcancei mirar endexamais.

Aquel muiño meu, sombra perdida, que moía con auga ben escasa, é o retrato cabal da miña vida.





Regato sen roulón, fume sen brasa,  
lembianza melancólica ferida..  
Como o Cepelo son: auga que pasa.

*Sonetos á casa de Hortas (1997)*

## AS FORMAS DA AUGA

### Choiva

Cae a auga na Chaira  
soio polo gusto  
de pegarlle na cara.  
A Chaira sofre e cala.

*Terra Chá (1954)*

Lagoa de Cospeito, fonte de ti mesma  
que agromas silandeira e poderosa  
do escuro da terra, onde habita  
o segredo, o misterio e as raíces.  
Inmensa mao aberta cara o ceo,  
acenando serenamente ao infinito,  
demandando comprensión e ternura  
e ofrecendo paz, acougo, silencio  
e unha purísima claridade cristalina.  
[...]

*Poemas para dicirlle a dúas lagoas (1994)*



## O Río

O río pasa correndo,  
non se para con ninguén.  
O río canta prás cousas  
e canta para min tamén.

O río canta prás albres  
paxareiras da ribeira!  
O río canta prós prados  
E prás nubes viaxeiras!

A todos di seu cantar  
con escuro e claro son.  
A todos di seu cantar  
anque llo escolten ou non!

Non lle preguntes ao río  
a onde vai, de onde vén.  
O río pasa correndo!  
O río non se entretén!

O río pasa correndo,  
nunca deixa de pasar.  
Vai dicindo a súa canción  
e non se pode parar!

*Os soños na gaiola (1972)*

O sagro Miño, co seu paso de boi  
e o seu enigma de deus ignoto  
e misterioso, deume a súa lenta  
música solemne, coa que vou  
Iluminando a pobreza  
das miñas palabras sen luír:





herdo, vencello, revelación  
da nosa tribo, única chave  
coa que podemos abrir o noso ser.  
Dedante do Pai Miño un queda  
abraiado. E sinte, no máis fondo,  
o inefábel. Un non pode ser  
máis que miñoto: pinga de auga.

*Ritual para unha tribo  
capital de concello (1986)*

## Verbas ao mar

Esta tarde están baixas as nubes  
e é a cor do mar como a da cinza.

Os berros salvaxes das gaviotas  
semellan coiteladas  
que fan escoar o corazón da tarde.

Hai quen trabuca doadamente  
a mensura do mar coa inmensidade.

Eu de min só sei dicir  
que o mar comeza no meu sangue.  
O que non sei  
é se o mar caberá na miña alma.

*Mar Maior (1963)*

## A MULLER GALEGA

As mulleres galegas -labregas,  
mariñeiras, artesás, obreiras,  
pasado, pobo, presente,  
alma e futuro de Galicia-  
non foron cantadas



*O canto das espigas* (1939), da artista galega Maruja Mallo.

polos poetas cultos e premiados,  
pechados nas súas torres de almasí:  
eles, tan sensibles, non podían  
adicalles rondós e madrigales,  
sonetos perfeitísimos  
a donas que falan en galego,  
que son a forza do pobo,  
porque non teñen xeitos requintados,  
drendidos en colexos elegantes,  
nin vestidos fermosos,  
nin frases retorneadas  
-nunca foron á escola,  
nin alternaron tampouco en sociedade-  
i as súas maus non se semellan  
ás azas dos paxaros,  
nin teñen soavidades de veludo:  
están encallecidas polo traballo,  
son duras como as pedras,



só tenras pro garimo,  
con soavidades de mel  
pra perdoar e comprender,  
pra sementar tenrura e máis amor,  
pra arrincar odios.

*Remol* (1970)

## O COMPROMISO

Unha canción para chamar o pobo e pedirlle que esperte, que se erga, que camiñe cara á luz, é dicir cara ao futuro, con seguridade, sen medo, saíndo dese tempo de tebras que impuxo a ditadura. No poema, Manuel María emprega a palabra “irmán”, coa plena conciencia de estar a empregar o termo con que se relacionaban entre eles os membros das *Irmandades da Fala*,

establecendo así a conexión entre as xeracións de preguerra e de posguerra. Neste poema aparece tamén o símbolo da néboa (nebras), e as tebras.

### Canción pra agardar un novo día

Non podemos durmir, aunque é de noite,  
porque temos que chamar polos irmaos,  
anque a sombra i o vento nos escoite,  
anque nos aten esprito, pés e maos.

Anque o noso carro parta polo eixe e  
coma o demo beleza e poesía.  
Anque o sono ronde e non nos deixe  
saír cara o sol, á luz do día.

Non podemos durmir, aunque a canseira  
nos peche o corazón, ollos e mente.



Temos que espertar. E nesta xeira  
berrarlle a todo o mundo, a toda a xente:

*¡Estamos enterrados entre nebras,  
estamos afogados entre prantos!  
¡Temos que basoirar tódalas tebras,  
sepultar os arrepíos i os espantos!*

Temos que encamiñarnos pro albor  
e andar polo chao con pé seguro.  
¡Temos que sementar amor e máis furor  
para colleitar esperanza e máis futuro!

*Cancións do lusco ó fusco (1970)*

## AS ESTACIÓNS DO ANO

Atopamos en Manuel María moitos versos nos  
que aparecen as estacións do ano, e ben se ve  
que tiña predilección polo outono, a xulgar pola  
cantidade de poemas dedicados a el, mesmo ten  
un poemario titulado *Poemas ao Outono* do 1977.  
Velaiquí un deles:

Agora que é Outono, miña amiga,  
miña amante e sinxela compañeira,  
habémonos chegar deica a ribeira  
onde o brisa deixou unha cantiga.

E que sexa Outono quen nos diga  
os segredos que ten a sementeira,  
como se foi espindo a carballeira  
e que promesas granarán na espiga.





Nós sabémonos puros e cumpridos  
ó sentirnos tan un e tan xunguidos  
nesta paisaxe lene e musical.

¿Non lembras, en Outonos xa vividos,  
ó río retratar no seu cristal  
os soños que coidabamos perdidos...?

*Poemas ao Outono (1977)*

## O AMOR

A terra faise en ti,  
Saleta, sutileza,  
chama apaixonada  
e transparente,  
levidade de neve,  
torrente e forza

de seiva poderosa,  
música de vento  
entre abelairas,  
raio máxico de lúa,  
murmurio de regueiro,  
flor de cerdeira  
ou pinga de orballo  
emocionada, tremendo  
sobre o pálido rubor  
da rosa namorada.

*Os lonxes do solpor (2012)*

## DE NOVO A PALABRA

Levamos toda a nosa vida amando  
a palabra,  
loitando coas palabras,  
en guerra coas palabras, tentando vencelas,





## BIBLIOGRAFÍA

### Fontes impresas

#### Obras do autor

MANUEL MARÍA, 2001, *Obra poética completa*, 2 vol, edición de M.A. Fernán-Vello, A Coruña, Espiral maior.  
-----, 2012, *Os lonxes do solpor*, Lugo, Fundación Manuel María de Estudos Galegos.

#### Obras consultadas

AMOR COUTO, Manuel et al., 2003, *Lingua e Literatura. 2º Bacharelato*, Redondela, Consorcio Editorial.  
BREA, Mercedes, LORENZO GRANDÍN, Pilar, 1998, *Historia crítica da literarura medieval. A cantiga de amigo*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.  
CABANA, Darío Xohán, OUTEIRO, Amelia, 2016, *Manuel María antoloxía poética*, Vigo, Ed. Galaxia.  
DACOSTA ALONSO, Marta, 2009, *Construír unha patria. A poesía de Manuel María entre 1957 e 1977*, Santiago de Compostela, Ed. UDC.  
FRAGA RODRÍGUEZ, Xan et al., 2005, *Manuel María. Fotobiografía sonora*, Lugo, Ed. Ouvirmos.  
GÓMEZ TORRES, Camilo, 2001, *Manuel María, os traballos e os días*, Santiago de Compostela, Edicións Laivento.



MATO FONDO, M. A., FERNÁN –VELLO, M., 1995, *Manuel María. Antoloxía poética*, A Coruña, Espiral Maior.

MATO FONDO, M. A., 1998, *A escrita da terra*, A Coruña, Espiral Maior.

RODRÍGUEZ FER, Claudio, 1989, *Poesía galega, Crítica e metodoloxía*, Vigo, Edicións Xerais.

VV.AA., 1998, *Historia visual del siglo XX*, Madrid, El País Aguilar.

VV.AA., 2006, *76-06 Una historia de 30 Años*, Madrid, El País Aguilar.

## Fontes dixitais

Conto A tribo ten catro rios, Manuel María: <http://www.rios-galegos.com/conto01.htm> (consultado en abril do 2016)

Auto do Regato do Cepelo, Manuel María:

[http://www.casamuseomanuelmaria.gal/upload/recursos/cat\\_3/15/teatro.-auto-do-regato-do-cepelo.pdf;jsessionid=657993CB5326966950B193B81DC1C8A0](http://www.casamuseomanuelmaria.gal/upload/recursos/cat_3/15/teatro.-auto-do-regato-do-cepelo.pdf;jsessionid=657993CB5326966950B193B81DC1C8A0) (consultado en abril do 2016)

Fuxan os ventos: [https://www.youtube.com/results?search\\_query=fuxan+os+ventos](https://www.youtube.com/results?search_query=fuxan+os+ventos) (consultado en abril do 2016).

Artigo "El simbolismo en la lírica tradicional", Juan Victorio:

<http://www.lyraminima.culturaspopulares.org/actas/sevilla/20-victorio.pdf> (consultado en abril do 2016)



Este caderno rematouse na fermosa vila do  
Porto de Santa Cruz, o 25 de abril de 2016.







**Concello de Oleiros**

Concellería de Cultura e  
Normalización Lingüística



E. Normalización Lingüística  
I.E.S. María Casares